



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

... máis bailes pero había que ter o corpo moi lixeiro, eu daquela tíña, non me pesaba nada.

- E que baile había por aquí? Que baile había, muiñeira?

O cantar da pandeireta era moi apuradísimo, había que bailar moi apurado, sabes. Que non era coma aghora. (...) O que a sabía tocar, tocaba así cos dedos. (...)

Bailador, baila con ela
bailador, baila con ela
que ela baila dereitiña
con unha madanela.

Apurarvos, apurarvos
apuraros a bailar
o que toca a pandeireta
pronto os vai a acabar-e.

Baila bailador con ela
que bo dote che hei de dar
o cribo e mais a peneira
para peínerar o pan.
Ai la la lara la la la...

Era así.

- E que tíña, puntos e voltas ou era todo o mesmo?

Eran muiñeiras e despois tocaba a jota.

- Pero quero decir eu que cando bailaban así o son da pandereta, entón repetíase eso a continuación ou dábanlle unha volta ao redor ou...?

Si, daba unha volta. Verás cando damos a volta, oh. Cando se decía: Ai larala larala era cando se daba a volta.

Este pandeiro que toca
éche de coiro de ovella
onte pacía no monte
hoxe toca que rabea.
Ai larala larala

Era cando vamos darredor, non sabes?

- E eso do Ai larala larala cantábano ou ...?

Cantabámolo nós. Que a pandereta eso no daba. Eso eramos nós.

Vente conmigo e serás
capitana de mi barco
embarcaremos los dos
en aquel profundo charco.
Ai larala larala

Eso cantabamos nós e a pandereta tocaba o resto.